

De esquerda a dereita: Xosé María Alvarez Blázquez, Ramón Piñeiro, Alvaro Cunqueiro, García Sabell, Anxel Fole, Francisco Fernández del Riego e Ramón Otero Pedrayo.

# Con Xosé María

*Misión de intelectuais*

Xosé L. Méndez Ferrín

Cando vén o Maio de flores cuberto, sempre hai algún agoiro público que rosma. O Día das Letras Galgas soe dar pé a que se poña unha e outra vez, coa teimosía dos grandes lugares comúns, o seguinte microdiscurso: 0 17 de Maio non serva para nada. Trátase dunha celebración ritual e foca e fixeron moi mal as autoridades en declarar o das Letras Galegas día de festa. O que non é certo.

O que non é certo, porque cada ano, e desde 1963, a Academia pon uns deberes e as minorías e mais as moitedumes apúranse a cumprilos. Cada 17 de Maio, pois, o nome dun autor ou autora en lingua galga é fechado nun círculo polo lapis vermello e felizmente autorirario de quen está facultado para facer tal. E moitos póñense a revisar a vida e a obra do designado. De tal xeito que as letras galegas coñecen anualmente unha revisión que moitas veces vai acompañada da restauración de deterioros ou de resgate de paralipómenos (as cousas que foron omitidas) ou de denuncia de imposturas históricas. Sempre se produce o chamamento á lectura, ou á relectura, da figura conmemorada, chamamento que en numerosos casos é seguido de resposta.

Este é o ano de Xosé María Álvarez Blázquez. A figura do polígrafo, ao ser tirada dunha certa penumbra pola Academia, está a pór en marcha a complexa maquinaria das análises e da reflexión. Xosé María tivo unha actividade múltiple, o que seguramente está a dificultar o traballo dos estudosos. Do prehistoriador, só quero facer memoria daqueles seus labores na detección dos machados paleolíticos que nos falan dunha Galicia dificilmente imaxinábel. Do historiador vigués, evoco, nun intre de esplendor dos estudos locais,

PASA Á PÁXINA SEGUINTE

Por un país que cre no seu futuro
Letras Galegas 2008
Merlín Comunicación
Editorial Galaxia

VÉN DA PÁXINA ANTERIOR

a perspicacia a percibir, como poucos fixeron, os dous entes de poboación chamados Vigo na Idade Media: o de Santiago e o de Santa María, así como a importancia que tiveron os armadores en corso na constitución como cidade moderna desta en que vivo. Ao crítico literario Xosé María cábelle a honra de ser aquel que, con éxito fulgurante, caracterizou estilisticamente o xenio individual de cada un dos nosos poetas medievais e estableceu un canon valorativo terminante. Como erudito da literatura, ninguén podería negarlle a condición de fabricante e rehabilitador daquel período que el mesmo chamou, e para sempre, *Os Séculos Escuros*. O poeta, case secreto, que Xosé María Álvarez Blázquez foi en vida será mellor valorada e unha súa visualización correcta corrixirá os perfís histórico-literarios do período, tan triste para os Álvarez tudenses, que foi o de após-guerra. En canto que editor, Xosé María rompe o tópico pertinaz, ao que lle prestarmos a debida atención, do protagonismo de Galaxia nos anos cincuenta e da sobrevalorada importancia da edición en Bos Aires que arreo se repite. O acerto do noso escritor, dobrado en editor, na resurrección de mortos como Feixó de Araúxo, na exhumación de extravagantes ou ignorados como a *Égloga de Belmiro e Benigno* ou no lanzamento de revolucionarios como en narrativa foi Mourullo, por por pór só algún exemplo, resulta xurdio. Non sería posíbel sen o editor Xosé María o estado actual da literatura galega e da historia da literatura galega. En canto ás tácticas e estratexias de difusión e de divulgación dos libros galegos, pódese decer que Xosé María Álvarez Blázquez, nos fondos da Libraría Monterrey ou Almoneda de Libros, acarón da pastelaría das Tres Luces e fronte á capela protestante de Eliezer, non lonxe da taberna inesquecíbel de Armando, abriu unha nova fronteira para as letras galegas e liberou estas da doenza do elitismo, entre outros bens e favores. A valoración de Xosé María como editor, e noutras súas dedicacións, acaba de ser novedosamente feita por Darío Xohán Cabana, co cal algúns tópicos ficaron para sempre destituídos e restituída, polo contrario, a verdade do acontecido.




**POUCOS AUTORES, COMO SI FIXO XOSÉ MARÍA, PODERÁN PROPORCIONARLLE AO NOSO POBO A OCASIÓN DE PROFUNDAR NA SÚA HISTORIA CULTURAL CONTEMPORÁNEA**

Poucos autores contemporáneos poderán proporcionarlle ao noso pobo, como si fixo Xosé María, a ocasión de profundar na súa historia cultural contemporánea. Os intelectuais están a cumprir estes días a súa misión. Dígoo así, sabendo que as palabras "intelectual" e "misión" se encontran fóra de uso.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
VICERREITORÍA DE CULTURA

CAMPUS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
CAMPUS DE LUGO
CAMPUS DE VERÁN: MOAÑA • MONFORTE DE LEMOS • NOIA • SARRIA • VILAGARCÍA DE AROUSA
OUTRAS SEDES: MONDOÑEDO • A CORUÑA (MACUF) • BERTAMIRÁNS - AMES • CALDAS DE REIS • FOZ • LALÍN • OUSAME • MUROS • RIBADEO (CENTRO PEDRO MURIAS) • RIANXO • TOMIÑO/ VILA NOVA DE CERVEIRA

64 CURSOS E OUTRAS ACTIVIDADES DE EXTENSIÓN CULTURAL

VERÁN USC 2008

avellentamento • transmisión de malas noticias • cooperación • dereito do traballo • discapacidade • familia multicultural • linguas e inmigración • elites emigrantes • TV e ficción • educación e cidadanía • seguridade social • mercado inmaterial • bioinformática • turismo • traballadores autónomos • muller • dirección de proxectos • relixiosidade • balnearios • enerxías renovábeis • clínicas veterinarias • música e danza • nanomateriais • desenvolvemento rural • atención sanitaria • xustiza e igualdade • ictioloxía • cooperación policial • creación de emprego • renovación urbana • dislexia • gas radon • memoria histórica • mediación • industria alimentaria • escritoras • paisaxe rural • violencia de xénero • auga e sustentabilidade • medio ambiente • modelos gastronómicos • educación emocional • camiño de santiago • mulleres do mar • construción naval • protocolo deportivo • xerontoloxía • igualdade de oportunidades • patrimonio industrial • portos pequenos e medianos • agroecoloxía • crecemento urbano • comunicar coa arte • astronomía • audiovisual galego e portugués.

Cursos, condicións de matrícula, aloxamento e máis información en: www.usc.es/cultura